



INFORMA

FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA CONVOCATORIA 2026-2027

O BOE do luns 10.08.2026 publicou a Orde do Ministerio de Sanidade na que se aproba a **oferta de prazas e a convocatoria de probas selectivas** para o acceso **a prazas de Formación Sanitaria Especializada (FSE) para o ano 2027**.

A convocatoria 2027 recolle un total de **12.850 prazas** (725 elixibles en Galicia) repartidas nas seguintes especialidades:

- **Medicina (MIR):** 9.676 prazas
- **Enfermería (EIR):** 2.341 prazas.
- **Farmacía (FIR):** 377 prazas.
- **Psicoloxía (PIR):** 293 prazas.
- **Química (QIR):** 37 prazas.
- **Bioloxía (BIR):** 69 prazas.
- **Física (RFIR):** 57 prazas.

As persoas interesadas deberán presentar as súas **solicitudes entre o 1 e o 14 de setembro de 2026**, ambos días incluídos, cubrindo o modelo oficial 790 na sede electrónica do Ministerio de Sanidade.

Os exames terán lugar o sábado 23 de xaneiro de 2027, sendo o horario de inicio ás 14:00 horas (chamamento ás 13:00 horas).

As probas consistirán en contestar un cuestionario de 200 preguntas máis 10 preguntas de reserva. O exercicio terá unha duración de catro horas e media.

As **sedes de exame en Galicia** serán: **Santiago de Compostela** e **Vigo**.

Podes consultar o resto da información (bases, modelos de solicitude, documentación requirida, pago de taxas...) no texto completo dispoñible no seguinte código QR:



11 de agosto do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOD >>>



Páxina Web: sanidad.ccoo.es/galicia



Facebook: facebook.com/CCOD.Sanidade.Galicia



Instagram: @ccoosanidadegalicia



X (Twitter): @ccoofssgalicia